



A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de abril de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.26561.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS CORRESPONDENTES A CONVOCATORIA PARA OS PLANS DE MOBILIDADE SUSTENTABLE PARA CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno, con data 10 de novembro de 2017, aprobou as “*Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para os Plans de Mobilidade Sustentable*”.

Segundo.- As bases contemplaban como obxecto da axuda a seguinte liña de subvención:

- Concellos ou agrupacións de Concellos de menos de 6.000 habitantes: 9.000 €
- Concellos ou agrupacións de Concellos de entre 6.000 e 12.000 habitantes: 15.000 €
- Concellos ou agrupacións de Concellos de máis de 12.000 habitantes: 20.000 €
- Agrupacións de Concellos de máis de 30.000 habitantes: 40.000 €

Terceiro.- A base terceira establecía como importe total do financiamento ata un máximo do 75% do valor de redacción dos Plans de Mobilidade que se realizasen e que cumpriran as características indicadas no Anexo I.

Esta liña de subvencións é sufragada na súa totalidade pola Deputación de Pontevedra e estaba dotada, inicialmente, con 300.000 € con cargo á aplicación 17/456-9420-762.10.

Con posterioridade, a Xunta de Goberno, aproba, con data 16 de febreiro de 2018, a modificación das bases para incluír unha ampliación do crédito da aplicación coa cantidade adicional de 300.000,00 €, dada a alta demanda de concellos solicitantes.

Cuarto.- Asemade, as bases determinaban un prazo de presentación de solicitudes por parte dos concellos cunha serie de requisitos determinados que, unha vez fiscalizados os expedientes, determinan que, no propio acordo de modificación, se estableza un prazo de subsanación de conformidade coa base quinta “*in fine*” e que se publica bo BOPPO con data 26 de febreiro de 2018.

Quinto.- A tramitación do expediente, ao abeiro do establecido nas bases, determina que a concesión da cantidade asignada a cada concello non se fará efectiva ata a xustificación, unha vez aprobada polo correspondente acordo da Xunta de Goberno.

Sexto.- Tramitado o expediente, na fase de instrución, o informe de Intervención de data 31 de xaneiro de 2018, determina a devolución do expediente para proceder a subsanación, segundo o establecido no acordo de modificación das bases, por parte dos concellos afectados.

Sétimo.- Remítese, de novo, o expediente a Intervención para a súa fiscalización, unha vez rematado o prazo disposto para a subsanación referida e se emite novo informe con data 23 de marzo de 2018.

Oitavo.- Tal e como se establece na base sétima das Bases Reguladoras do procedemento, e tendo en conta o informe de Intervención, formúlase proposta de resolución adxudicando aos concellos relacionados, que presentan as solicitudes en prazo e cos requisitos esixidos na base quinta, as cantidades máximas determinadas segundo os criterios establecidos:

Concello Solicitante	nº habitantes	importe máximo subvención
Redondela	> 12.000	20.000,00 €
Nigrán	> 12.000	20.000,00 €
Gondomar	> 12.000	20.000,00 €
Porriño	> 12.000	20.000,00 €
Lalín	> 12.000	20.000,00 €
Poio	> 12.000	20.000,00 €
Sanxenxo	> 12.000	20.000,00 €
Mos	> 12.000	20.000,00 €
Tui	> 12.000	20.000,00 €
Moaña	> 12.000	20.000,00 €
Cangas	> 12.000	20.000,00 €
Tomíño	> 12.000	20.000,00 €
Vilagarcía	> 12.000	20.000,00 €
Salceda de Caselas	< 12.000	15.000,00 €
Silleda	< 12.000	15.000,00 €
Caldas de Reis	< 12.000	15.000,00 €
O Rosal	< 12.000	15.000,00 €
O Grove	< 12.000	15.000,00 €
Soutomaior	< 12.000	15.000,00 €
Fornelos de Montes	< 6.000	9.000,00 €
Moraña	< 6.000	9.000,00 €
Catoira	< 6.000	9.000,00 €
Mondariz Balneario	< 6.000	9.000,00 €
Pontecesures	< 6.000	9.000,00 €
Campo Lameiro	< 6.000	9.000,00 €
Covelo	< 6.000	9.000,00 €
Portas	< 6.000	9.000,00 €
Meaño	< 6.000	9.000,00 €
As Neves	< 6.000	9.000,00 €
Valga	< 6.000	9.000,00 €
Pazos de Borbén	< 6.000	9.000,00 €
A Lama	< 6.000	9.000,00 €
Arbo	< 6.000	9.000,00 €
Ponte Caldelas	< 6.000	9.000,00 €
Mondariz	< 6.000	9.000,00 €
Vila de Cruces	< 6.000	9.000,00 €
Forcarei	< 6.000	9.000,00 €
Illa de Arousa	< 6.000	9.000,00 €
TOTAL		521.000,00 €

Noveno.- Quedan excluídos, por non cumprir os requisitos da convocatoria sinalados, os seguintes concellos:

Concello Solicitante	Causa exclusión
Cuntis	No achega certificación esixida base 5ª
Bueu	No achega certificación esixida base 5ª
Pontearreas	No achega certificación esixida base 5ª

Concello Solicitante	Causa exclusión
Oia	Presentación fóra de prazo.

Por todo o exposto, e sendo o órgano competente para aprobar e adxudicar as seguintes subvencións, de conformidade coas “*Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para os Plans de Mobilidade Sustentable*” e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar aos concellos relacionados, que presentan as solicitudes en prazo e cos requisitos esixidos na base quinta, as cantidades determinadas segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria:

Concello Solicitante	nº habitantes	importe máximo subvención
Redondela	> 12.000	20.000,00 €
Nigrán	> 12.000	20.000,00 €
Gondomar	> 12.000	20.000,00 €
Porriño	> 12.000	20.000,00 €
Lalín	> 12.000	20.000,00 €
Poio	> 12.000	20.000,00 €
Sanxenxo	> 12.000	20.000,00 €
Mos	> 12.000	20.000,00 €
Tui	> 12.000	20.000,00 €
Moaña	> 12.000	20.000,00 €
Cangas	> 12.000	20.000,00 €
Tomiño	> 12.000	20.000,00 €
Vilagarcía	> 12.000	20.000,00 €
Salceda de Caselas	< 12.000	15.000,00 €
Silleda	< 12.000	15.000,00 €
Caldas de Reis	< 12.000	15.000,00 €
O Rosal	< 12.000	15.000,00 €
O Grove	< 12.000	15.000,00 €
Soutomaior	< 12.000	15.000,00 €

Fornelos de Montes	< 6.000	9.000,00 €
Moraña	< 6.000	9.000,00 €
Catoira	< 6.000	9.000,00 €
Mondariz Balneario	< 6.000	9.000,00 €
Pontecesures	< 6.000	9.000,00 €
Campo Lameiro	< 6.000	9.000,00 €
Covelo	< 6.000	9.000,00 €
Portas	< 6.000	9.000,00 €
Meaño	< 6.000	9.000,00 €
As Neves	< 6.000	9.000,00 €
Valga	< 6.000	9.000,00 €
Pazos de Borbén	< 6.000	9.000,00 €
A Lama	< 6.000	9.000,00 €
Arbo	< 6.000	9.000,00 €
Ponte Caldelas	< 6.000	9.000,00 €
Mondariz	< 6.000	9.000,00 €
Vila de Cruces	< 6.000	9.000,00 €
Forcarei	< 6.000	9.000,00 €
Illa de Arousa	< 6.000	9.000,00 €
TOTAL		521.000,00 €

Segundo.- Desestimar, por non cumprir os requisitos da convocatoria, as solicitudes dos seguintes concellos.

Concello Solicitante	Causa exclusión
Cuntis	No achega certificación esixida base 5ª
Bueu	No achega certificación esixida base 5ª
Pontearreas	No achega certificación esixida base 5ª

Concello Solicitante	Causa exclusión
Oia	Presentación fóra de prazo.

Terceiro.- De conformidade co establecido na base novena da convocatoria, os beneficiarios deberán ter redactados e presentados os Plans de Mobilidade para os que se conceden as axudas nun prazo de 12 meses desde a publicación do Acordo de Resolución. A continuación, abrirase un período de valoración por parte dos técnicos do Servizo de Mobilidade en canto ao cumprimento do Prego de Prescricións Técnicas especificadas no Anexo I, existindo un prazo de subsanación de erros de dous meses.

Para o cobro das subvencións concedidas cómpre presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:
 - a. Plan de mobilidade redactado segundo o Prego de Prescricións Técnicas que se axunta no Anexo I.
 - b. Certificación expedida polo concello conforme o Plan de Mobilidade está aprobado polo órgano competente.
 - c. Convenio de colaboración suscrito entre os concellos, en caso de agrupación.

2. Xustificación dos gastos:

Certificación do concello onde se fagan constar os gastos imputados a elaboración do Plan de Mobilidade e Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, debendo corresponder o gasto coa actividade subvencionada. As facturas deberán conter os requisitos que lle dan validez e ser informadas polos Servizos que corresponda da Deputación de Pontevedra.

3. Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.

4. Informe do persoal técnico provincial competente relativo á adecuación do Plan de mobilidade realizado aos obxectivos propostos.

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base novena sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Mobilidade requiriralla para que a presente no prazo improrrogable de quince días.


A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos concellos solicitantes, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria e normativa vixente de pertinente aplicación.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 17 de abril de 2018

○ Secretario,



Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Concellos participantes